

O pulso do irracional

Xuvenil Reedítanse en dous volumes algunhas narracións de Xosé Miranda

Xerais reedita en dous volumes, *Vestio* e *As mans do medo*, algunhas das narracións xa publicadas por Xosé Miranda en *Triloxía pánica* (2000). Entre elas están a novela curta *Vestio*, que cobra agora protagonismo único nun dos volumes, e os relatos “A neve e a cadeira” e “Lambirón”, integrados agora no segundo volume que é completado con relatos inéditos, outros xa editados anteriormente na mesma editorial, como “Seis dedos” en *Tarxeta vermella* (2003), e algúns máis aparecidos en xornais, como “Noite de Reis” e “Anxos da garda”. Esta circunstancia editorial –relatos que aparecen xuntos, separados ou en diferentes combinacións– imprímelle á obra narrativa breve de Xosé Miranda un carácter de conxunto de estrutura non pechada. Tamén poderíamos ver nesta variabilidade de presentación dos relatos a necesidade editorial de ofrecer un produto atractivo –lixeiro, manexábel e económico– orientado ao público escolar, moi tentado a contar as páxinas dun libro antes de decidirse ou non a lelo. Sexa como for, xuntas ou por separado, a lectura das narracións de Xosé Miranda é sempre unha suxestión moi recomendábel por moitas razóns.

A primeira das razóns é a riqueza lingüística que atopamos sempre en Miranda: ese galego correcto gramaticalmente, sen caer na ultracorrección estandarizante, rico en todos os niveis da lingua, herdeiro da tradición popular e da culta –hai páxinas de Miranda que son verdadeiras homenaxes aos mestres–, cómpre valoralo como unha xoia que, desgraciadamente, non é moi común. Por iso é necesario poñelo de relevo e dicir ben alto que para escribir nunha lingua hai que ter, como mínimo, a ambición de coñecerla en profundidade.

A segunda das razóns é a sabia utilización que fai o autor da estrutura narrativa para crear ficcións intrigantes e ambientes desacougantes que arrastran ao lector, xunto cos personaxes, a dubidar das súas propias percepcións e da validez da lóxica, e a deixarse envolver pola paranoia ou o medo ata chegar a ver claramente os outros planos alén da realidade. Unhas veces estoura realidade paralela, que sempre sospeitamos e da que sempre racionalmente renegamos, chega a través do imaxinario tradicional galego, como acontece en “A neve e a cadeira” ou “Mondoñedo”; outras veces, partindo da obxectividade científica chégase á ciencia-ficción, como en “Seis dedos” ou “As mans do medo”.

O resto das razóns poden resumirse nunha verdade que lle escoitei un día ao propio Xosé Miranda, falando da literatura xuvenil. Máis ou menos veu dicir que literatura haina basicamente de dous tipos: a boa e a non tan boa. A que conteñen estes dous libros, diríxase ao público que se dirixa, é da boa, da que non decepciona, da que te acaba envolvendo cando a estás a ler e aínda moito tempo despois lembras e tes moito pracer en poñela nas mans dun amigo lector. //

Anxos García Fonte

Vestio · Xosé Miranda ·
Xerais, 2008 ·
104 páx · 10 euros



As mans do medo ·
Xosé Miranda ·
Xerais, 2007 ·
168 páx · 10 euros

